



CADERNO

Lingua

Primeiro trimestre

O caderno Lingua 2, para segundo curso de primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

Teresa Broseta Fandos (Lecturas iniciais)

Luz Cures Vázquez

Paula Fernández Seoane

Roxelio Sarriá Batlle

Afonso Toimil Castro

Amparo Tortosa Sanz

ILUSTRACIÓN

Ada García Fernández

EDICIÓN EXECUTIVA

Afonso Toimil Castro

Amparo Tortosa Sanz

DIRECCIÓN DO PROXECTO

Ana María Guerra Cañizo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero

Índice



Unidade 1

COMPETENCIA LECTORA. <i>Lume!</i>	4
GRAMÁTICA. As letras. O abecedario	6
ORTOGRAFÍA. Palabras con c e con qu	7
VOCABULARIO. O parque infantil	8
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Escribo unha invitación	9
XOGOS	10

Unidade 2

COMPETENCIA LECTORA. <i>Despistado</i>	12
GRAMÁTICA. Palabras e sílabas	14
ORTOGRAFÍA. Palabras con g , gu e gü	15
VOCABULARIO. A excursión	16
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Explico unha ruta	17
XOGOS	18



Unidade 3

COMPETENCIA LECTORA. <i>Tarde no parque</i>	20
GRAMÁTICA. A oración	22
ORTOGRAFÍA. Palabras con c e con z	23
VOCABULARIO. Os xogos tradicionais	24
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Explico un xogo	25
XOGOS	26



Unidade 4

COMPETENCIA LECTORA. <i>Sobrevivir no inverno</i>	28
GRAMÁTICA. Clases de oracións	30
ORTOGRAFÍA. Os signos de interrogación e de admiración ..	31
VOCABULARIO. A neve	32
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Conto unha anécdota	33
XOGOS	34

Unidade 5

COMPETENCIA LECTORA. <i>Sorpresa!</i>	36
GRAMÁTICA. A oración. Suxeito e predicado	38
ORTOGRAFÍA. O punto e a maiúscula	39
VOCABULARIO. A clínica veterinaria	40
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Describo unha mascota	41
XOGOS	42

Repaso trimestral	44
--------------------------------	----



Lume!

Á miña festa de aniversario non faltou ninguén.
Entre maiores e rapaces, eramos máis de cincuenta!

–Por moitos anos, Laura!

–Parabéns!

–Moitos parabéns!

A miúdo, aquelas palabras ían seguidas
dun agasallo: un libro, un xoguete, unha peza
de roupa... Todo me gustaba!

A merenda que prepararon meus pais na casa
estaba boísima. Fixemos unha morea de bocadillos
doces e salgados e enchemos a mesa de pratiños
con patacas, froitos secos e olivas. Para relamberse!


Cando chegou a hora da torta, collín todo o aire
que me cabía no corpo. Quería apagar todas as candeas dun soprido
para que se cumprise o meu desexo! Pechei os ollos e...

–Aaaaahhh!

O berro de moitas voces fixo que os abrise inmediatamente. A magnífica
torta de chocolate nadaba, desfeita, nunha poza de auga... Ao seu lado,
a miña irmanciña sorría cunha xerra baleira entre as mans.

–Non lume! –exclamou, moi contenta.

Malia que me deixara sen torta, non puiden enfadarme con ela. Para ter só
dous anos, non era mala bombeira!



1 Responde.

- Quen conta a historia?
- Que festa celebra?
- Que lle din para felicitala?

2 Escribe V (verdadero) ou F (falso), segundo corresponda.

- ☐ Laura celebraba o seu aniversario nun parque de bólas.
- ☐ Todos os convidados da festa eran rapaces.
- ☐ Na festa de aniversario había maiores e rapaces.
- ☐ A Laura non lle gustaban os agasallos que lle facían.
- ☐ A irmanciña de Laura tamén estaba na festa.



3 Completa buscando as palabras necesarias na lectura.

Para merendar, os  _____ de Laura

prepararan unha morea de  _____

e encheran a mesa de  _____

con  _____,  _____

e  _____.

4 Risca o que non pasa ao final.



- 1 **Risca as 6 letras que non están ben colocadas neste abecedario e cópiao de novo en orde.**



- 2 **Escribe o teu nome e responde.**

- Cantas letras ten?
- Cantas vogais ten?
- E consoantes?
- Escribiches algunha letra en maiúscula? Cal?

- 3 **Escribe a palabra representada e relaciona.**



Ten 4 vogais,
unha repetida.

Contén
5 vogais.

Ten 4
consoantes.

Ten 2 vogais
e 3 consoantes.

PALABRAS CON C E CON QU

1 Ordena e escribe os nomes.



OSCQUOI



ÓLBACN



QUTAERA



DOCÁGA

2 Completa con c ou qu.

es udomos ito areta ontos

3 Copia cada sílaba onde corresponda.






CA

QUE

QUI

CO

CU



4 Escribe algunhas das palabras anteriores como exemplo de cada regra.


Escríbese
c diante
de a, o, u

escada

Escríbese
qu diante
de e, i

1 Que fai cada rapaz? Relaciona con números.

- 1 Lanzarse
- 2 Rubir
- 3 Subir
- 4 Arrandearse
- 5 Entrar
- 6 Botar



2 Completa coas palabras propostas.

rede bólas tobogán rampla barra

■ Mariña lánzase polo _____.



■ Helena déixase caer pola _____.



■ Xoán xoga na piscina de _____.



■ Breixo e Xela soben pola _____.



■ Martiño ruba pola _____.



1 A fin de semana vas facer unha festa de aniversario e tes que redactar unha invitación. Marca a opción que máis che guste en cada caso.

- | | | |
|----------------------|---|---|
| ■ Cando vai ser? | ☐ O sábado,
16 de outubro. | ☐ O domingo,
17 de outubro. |
| ■ A que hora? | ☐ Ás 5 da tarde. | ☐ Ás 11 da mañá. |
| ■ Onde se vai facer? | ☐ No pavillón
da vila. | ☐ Na túa casa, na rúa
de Castelao, 43. |

2 Inventa e escribe unha oración para animar os amigos a que vaian á túa festa.

3 Redacta a invitación coa información anterior e decóraa como queiras. Non esquezas asinala!

INVITACIÓN PARA

- 1 Escribe a letra que falta en cada grupo, segundo a orde alfabética.
Ao acabar, cópiaas na orde indicada e descubre a mensaxe oculta.

R S D F G H A C Ñ O
C D P Q U V I L L M

- 2 Busca na sopa de letras seis elementos das festas de aniversario e escríbeos.


A	A	Z	A	M	I	G	O	S	Ç
B	O	C	A	D	I	L	L	O	S
O	C	A	N	D	E	A	S	D	U
R	X	E	L	G	L	O	B	O	S
S	E	T	O	R	T	A	X	A	M
U	F	U	O	T	K	Y	O	X	E
A	G	A	S	A	L	L	O	S	P



AMIGOS



- 3 Escribe a primeira letra de cada palabra representada e obterás outro elemento típico das festas de aniversario.



- 4 Descubre a vogal e copia as oracións.

■ ✱st✱r x✱g✱ c✱n tr✱n v✱rd✱.

Ester xoga



■ L✱os n✱n q✱r✱ c✱l✱fl✱r.



■ Cr✱s l✱ ✱ ✱g✱ d✱v✱d✱.



■ X✱l t✱n v✱rm✱s d✱ s✱d✱.



■ M✱r ✱l✱m✱ñ✱ ✱ g✱t✱.

